

# O por qué da proposta horaria de Asomúsica

Achegado por  
miércoles, 14 de marzo do 2007  
Última actualización martes, 09 de octubre do 2007

## O por qué da proposta horaria de Asomúsica

Ante as dúbidas suscitadas por algunhas compañeiras e compañeiros sobre a nosa proposta horario nos vemos na obriga de facer unhas aclaracións...

Nas explicacións da proposta de cadro horario presentada por ASOMÚSICA-APETEGA que fan os sindicatos estase a obviar un dato que dende a nosa perspectiva é fundamental. A aposta por ofertar a asignatura en 1º e 2º da ESO e asumir a consecuente perda dunha hora no horario obrigatorio ten como contrapartida a posibilidade de oferta da asignatura como optativa en 3º ESO.

Das tres asignaturas afectadas na proposta da Consellería seríamos a única con presenza en tódolos cursos da ESO unha reivindicación histórica do colectivo de profesores de música tamén recollido no escrito que a COAEM está a presentar en tódalas comunidades do estado.

Este dato explica por qué ASOMÚSICA asumiu o citado cadro horario. Os aparentemente damnificados, sobre todo en relación a Plástica que mantén a súa carga lectiva actual, saíramos así claramente beneficiados:

- Presenza en tódolos cursos da ESO: ata o de agora a música non se impartía en 1º da ESO co evidente perxizo pola falta de continuidade con respecto a Primaria
- Aumento da carga lectiva total: das 8 horas actuais ás 9 horas da nova proposta

No cadro horario actual a asignatura de música é a seguinte:

2º ESO, 3 horas, obrigatoria

3º ESO, 2 horas, obrigatoria

4º ESO, 3 horas, optativa

na proposta conxunta que presentaron ASOMÚSICA e APETEGA quedaría do seguinte xeito:

1º ESO, 2 horas, obrigatoria

2º ESO, 2 horas, obrigatoria

3º ESO, 2 horas, optativa, con presenza en tódolos itinerarios

4º ESO, 3 horas, optativa, con presenza en tódolos itinerarios

Por outra banda defender a continuidade do actual horario (3 horas 2º da ESO, 2 horas 3º da ESO e 3 horas 4º ESO optativa) non é técnicamente posible sen adoptar unha postura de agravio ás materias de Plástica e Tecnoloxía, dándolle argumentos sobrados e razoables á Consellería para non tela en conta.